

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

- 8120** *Real decreto 655/2017, do 23 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1055/2014, do 12 de decembro, polo que se crea un mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro para empresas de determinados sectores e subsectores industriais que se consideran expostos a un risco significativo de «fuga de carbono» e se aproban as bases reguladoras da concesión das subvencións para os exercicios 2014 e 2015, e se prorroga a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2020.*

O Real decreto 1055/2014, do 12 de decembro, polo que se crea un mecanismo de compensación de custos indirectos de CO₂ para empresas de determinados sectores e subsectores industriais que se consideran expostos a un risco significativo de fuga de carbono, define as características do dito mecanismo e establece as bases reguladoras da concesión das subvencións para os exercicios 2014 e 2015, así como os órganos competentes para convocar, instruír e resolver o procedemento de concesión.

O fundamento do real decreto provén da disposición adicional sexta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, que establece que «o Goberno, por proposta dos ministerios de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, de Economía e Facenda e de Industria, Comercio e Turismo, poderá establecer un mecanismo de compensación dos custos indirectos imputables ás emisións de gases de efecto invernadoiro repercutidas nos prezos da electricidade, do cal se poderán beneficiar as instalacións pertencentes a sectores expostos a un risco significativo de fuga de carbono».

Facer fronte ao risco de fuga de carbono serve a un obxectivo ambiental, xa que a axuda pretende evitar un aumento das emisións globais de gases de efecto invernadoiro debido á deslocalización da produción fóra da Unión Europea.

Desde o punto de vista comercial, a medida afecta positiva e directamente a competitividade exterior da industria española ao contribuír a equilibrar as cargas derivadas dunha adecuada protección ambiental con respecto a Estados non comprometidos co Protocolo de Kioto e a incrementar as exportacións industriais, especialmente naqueles produtos en «risco de fuga».

Por outro lado, o Consello Europeo celebrado os días 23 e 24 de outubro de 2014 acordou o Marco de actuación da Unión Europea en materia de clima e enerxía até o ano 2030, en que incluíu, para a consecución dos seus obxectivos, ter en conta os custos, tanto directos como indirectos, das emisións de carbono, en consonancia coas normas da Unión Europea sobre axudas públicas.

O Real decreto 1055/2014, do 12 de decembro, polo que se crea o mecanismo de compensación de custos indirectos de CO₂ en España, aprobouse inicialmente para os anos 2014-2015, ben que se prevía a posibilidade de prorrogar o período de vixencia do mecanismo de compensación de custos indirectos de CO₂ no marco da Comunicación da comisión (2012/C 158/04), sobre directrices relativas a determinadas medidas de axuda estatal no contexto do réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro (en diante, as directrices) establecidas para o período 2013- 2020, ambos inclusive. A complexidade do seu establecemento, a audiencia dos sectores interesados e as orientacións europeas en relación co referido marco de actuación da Unión Europea en materia de clima e enerxía até 2030 aconsellan unha prórroga daquel até 2020.

As directrices dispoñen que «a axuda se poderá aboar ao beneficiario no ano en que se incorrese nos custos ou ao ano seguinte», o que permite adoptar a opción do pagamento

da axuda ao ano seguinte de que se incorrese nos custos, realizando así un único trámite para a presentación da solicitude de axuda e para a xustificación dos custos polos cales se percibe a subvención. Con isto evitariase a concesión dunha axuda antes do fin do exercicio baseada nunha estimación dos custos anuais da empresa que debe ser liquidada coa presentación ao ano seguinte dos custos definitivos de todo o exercicio en que incorreu a empresa, o que duplica innecesariamente a xestión e os recursos empregados.

Así mesmo, de acordo coas directrices, a intensidade da axuda (Ait) non poderá superar o 85 por cento dos custos subvencionables en que se incorreu nos anos 2014 e 2015, o 80 por cento dos custos subvencionables en que se incorreu nos anos 2016, 2017 e 2018, e o 75 por cento dos custos subvencionables en que incorreu en 2019 e 2020.

Tamén segundo as citadas directrices, se durante o ano para o cal se concede a axuda a capacidade de produción dunha instalación rexistra unha ampliación significativa, a produción de referencia poderá aumentarse en proporción ao dito aumento de capacidade.

Constitúe, pois, o obxecto deste real decreto manter a continuidade do mecanismo de compensación de custos indirectos de CO₂ até o 31 de decembro de 2020, en liña co marco establecido polas directrices.

Por outro lado, á luz da experiencia adquirida na xestión da convocatoria de 2015, segundo o establecido na Orde IET/697/2015, do 13 de abril, pola que se convocan no ano 2015 as subvencións previstas no Real decreto 1055/2014, do 12 de decembro, convén introducir algunhas modificacións de carácter formal en relación coas bases reguladoras, en beneficio da súa operatividade.

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas do Estado previstas no artigo 149.1.13.^a e 23.^a da Constitución, en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Na súa tramitación solicitáronse os informes da Avogacía do Estado e da Intervención Delegada no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

A comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos foi informada deste real decreto na súa reunión do día 15 de xuño de 2017.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade e da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1055/2014, do 12 de decembro, polo que se crea un mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro para empresas de determinados sectores e subsectores industriais que se consideran expostos a un risco significativo de «fuga de carbono» e se aproban as bases reguladoras da concesión das subvencións para os exercicios 2014 e 2015.*

O Real decreto 1055/2014, do 12 de decembro, polo que se crea un mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro para empresas de determinados sectores e subsectores industriais que se consideran expostos a un risco significativo de «fuga de carbono» e se aproban as bases reguladoras da concesión das subvencións para os exercicios 2014 e 2015, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O artigo 3 queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Ámbito de aplicación temporal.*

O disposto neste real decreto será aplicable ás subvencións que se convoquen até o ano 2020, inclusive.»

Dous. A alínea b) do artigo 6 queda redactada como segue:

«b) Ter acreditado actividade produtiva durante o exercicio anterior a aquel en que se efectúe a convocatoria correspondente derivada deste real decreto.»

Tres. O número 3 e mais o primeiro parágrafo do número 4 do artigo 7 quedan redactados como segue; elimínanse os parágrafos segundo e terceiro do número 4 e engádesse un número 8 ao artigo 7:

«3. A intensidade da axuda (Ait) non poderá superar o 85 por cento dos custos subvencionables en que se incorreu nos anos 2014 e 2015, o 80 por cento dos custos subvencionables en que se incorreu nos anos 2016, 2017 e 2018, e o 75 por cento dos custos subvencionables en que se incorreu en 2019 e 2020.

4. Se, durante o ano para o cal se concede a axuda, a capacidade de produción dunha instalación rexistra unha ampliación significativa conforme a definición do dito termo no anexo, a produción de referencia poderase aumentar en proporción ao dito aumento de capacidade.

...

8. O importe final da axuda calcularase tendo en conta a produción e o consumo eléctrico reais do ano para o cal se concede, incluíndo os aumentos de capacidade e as diminucións de produción que tivesen lugar, nos termos descritos no número 4, sen que o dito importe final, en ningún caso, supere o importe máximo resultante das correspondentes fórmulas do número 2.»

Catro. Os números 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 8 do artigo 10 quedan redactados como segue:

«1. De acordo co establecido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os solicitantes estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de todos os trámites do procedemento, de forma que as solicitudes, comunicacións e demais documentación exixible relativa aos proxectos que concorran a estas axudas serán presentadas na sede electrónica do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

2. O solicitante poderá acceder, co certificado con que presentou a solicitude, á sede electrónica do citado ministerio, onde poderá consultar os documentos presentados. Así mesmo, o solicitante recibirá todas as comunicacións e notificacións da tramitación do expediente electrónico a través da dita sede electrónica, de acordo co previsto no artigo 41.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Nesta mesma sede electrónica os interesados, debidamente identificados, poderán consultar os actos do procedemento que lles sexan notificados e presentar a documentación adicional que poida ser requirida polo órgano actuante.

3. A publicación da proposta de resolución, así como a publicación das resolucións de desestimación, de concesión e as súas posibles modificacións e demais actos do procedemento terá lugar na sede electrónica do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade e producirá todos os efectos da notificación practicada, segundo o disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Naqueles casos en que teña lugar un procedemento de reintegro, as notificacións relacionadas co dito procedemento realizaranse baixo a modalidade de notificación por comparecencia electrónica, nos termos establecidos no artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

...

6. Naquelas fases do procedemento en que, en prol da simplificación administrativa se permita a presentación de declaracións responsables en lugar de determinada documentación, esas declaracións deberán presentarse en formato electrónico asinado electronicamente polo declarante, nos termos previstos no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

7. Os solicitantes non estarán obrigados a presentar os documentos que fosen achegados anteriormente a calquera Administración, de conformidade co previsto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e deberase indicar no cuestionario de solicitude o número do expediente que lles foi comunicado naquela ocasión, sempre e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente requirirá ao solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

8. Os interesados poderán achegar calquera outro documento que xulguen conveniente en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia, segundo o previsto no artigo 53.1.e) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

Cinco. Os números 1 e 2 do artigo 11 quedan redactados nos termos seguintes:

«1. As persoas físicas que realicen a sinatura ou a presentación electrónica de documentos en representación das entidades solicitantes ou beneficiarias das axudas deberán contar coa representación necesaria para cada actuación, nos termos establecidos no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. O asinante da solicitude de axuda deberá acreditar que no momento da presentación da solicitude ten representación suficiente para o acto. O incumprimento desta obrigaçión, de non emendarse, dará lugar a que se considere que desiste na súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Da obrigaçión de acreditar representación suficiente estarán exentas as entidades inscritas no Rexistro de Entidades que solicitan axudas do ministerio, habilitado na sede electrónica do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, sempre que o asinante da solicitude estea acreditado no dito rexistro como representante da entidade. Igualmente, estarán exentas de acreditar a representación as persoas nas cales concorran as circunstancias previstas no artigo 10.7 deste real decreto.»

Seis. O número 1 do artigo 12 queda redactado como segue:

«1. O prazo de presentación de solicitudes e da correspondente documentación será de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no «Boletín Oficial del Estado», salvo que esta determine outro prazo de presentación.»

Sete. Os números 2 b) 2., 2 b) 3., 2 b) 4. e 6 do artigo 13 quedan redactados como segue:

«2. b) 2. Para cada instalación con que conte a empresa, memoria explicativa dos custos de emisións indirectas en relación coas actividades ou produtos incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, durante o ano para o cal se concede a axuda.

2. b) 3. Se é o caso, a instalación deberá demostrar que se cumpren os criterios dunha ampliación significativa de capacidade, segundo a definición que figura no anexo, co informe dun verificador acreditado independente no ámbito do sistema de comercio de dereitos de emisión. A verificación abordará a fiabilidade, credibilidade e exactitude dos datos facilitados pola instalación e dará lugar a un ditame de verificación en que se declarará, cunha certeza razoable, se os datos facilitados conteñen inexactitudes materiais.

2. b) 4. Xustificación verificada, por un verificador acreditado no réxime de comercio de emisións, da produción e do consumo eléctrico reais do ano para o cal se concede a axuda. Na citada xustificación deberá desagregarse o volume de produción real e o método para o seu cálculo, de tal forma que permita a súa verificación a partir dos estados contables da entidade beneficiaria. Igualmente, nos

datos relativos ao consumo eléctrico deberá indicarse a forma en que se realizou o seu cálculo e a súa imputación á produción declarada e achegar os comprobantes de que se efectuou o pagamento do consumo eléctrico dentro do prazo de 60 días naturais que se deben contar a partir da data da prestación do servizo, conforme o previsto no artigo 4 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

As empresas que non estean incluídas no réxime de comercio de emisións deberán incluír, no mesmo informe, a xustificación dos valores da produción de referencia, BO ou, se for o caso, do consumo eléctrico de referencia BEC empregados como base para o cálculo dos custos subvencionables, segundo o establecido no artigo sete do real decreto.

4. Os interesados presentarán a solicitude de axuda e o resto da documentación na sede electrónica do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, con sinatura electrónica da persoa que teña poder suficiente.

...

6. Se a documentación achegada non reúne os requisitos exixidos, requirirase o interesado para que, no prazo de dez días hábiles desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con advertencia de que, se non o fixer, se considerará que desiste da súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 68.1. da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

Oito. Engádense os números 5 e 6 ao artigo 14.

«5. Con obxecto de axilizar a xestión da concesión das axudas, a comisión de avaliación, se o considera procedente, poderá designar un comité executivo permanente, encargado de resolver, en nome da comisión de avaliación, as alegacións que se poidan producir como consecuencia das notificacións das propostas de resolución provisional, así como das futuras solicitudes de modificación das resolucións de concesión, composto polos seguintes membros da propia comisión de avaliación: o presidente da comisión de avaliación, o secretario da comisión, o subdirector xeral de Políticas Sectoriais Industriais, o subdirector xeral de Programas Estratégicos e o vogal asesor da Subsecretaría do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

6. O nomeamento do secretario do órgano instructor da comisión de avaliación e, se é o caso, do comité executivo, recaerán no mesmo funcionario.»

Nove. O artigo 15 queda redactado como segue:

«Artigo 15. *Instrución do procedemento.*

1. O órgano instructor realizará, de oficio, cantas actuacións xulgue necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. O órgano instructor do procedemento admitirá as solicitudes conforme os requirimentos do artigo 4.

3. O órgano instructor dará traslado das solicitudes admitidas á comisión de avaliación, a que se refire o artigo 14, a cal procederá á avaliación e cuantificación das axudas aos solicitantes, de acordo co previsto nos seus artigos 6 e 7. Para isto, a comisión de avaliación poderá contar coa asistencia técnica que considere necesaria. Unha vez efectuadas a avaliación e a cuantificación das solicitudes, a comisión de avaliación elaborará o informe correspondente, que enviará ao órgano instructor. Este, baseándose no dito informe e á vista do expediente, formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada, segundo o establecido no artigo 24.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que constará de relación de solicitudes estimadas e contía das axudas e relación de solicitudes desestimadas.

Esta proposta será publicada na sede electrónica do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade para os efectos de notificación a todos os interesados, e concederá un prazo de 10 días hábiles para presentar alegacións contados a partir do seguinte ao da publicación.

4. Transcorrido o dito prazo e examinadas as alegacións aducidas, se é o caso, polos interesados, o órgano instrutor realizará a proposta de resolución definitiva coa relación de solicitudes estimadas e a contía das axudas.

5. De acordo co artigo 24.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a indicada proposta de resolución definitiva notificáraselles aos interesados que fosen propostos como beneficiarios, a través da sede electrónica do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, para que, no prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa notificación, comuniquen a súa aceptación ou renuncia. Transcorrido o dito prazo sen que comunicase a aceptación expresa, entenderase que o solicitante renuncia á axuda. En caso de aceptación, deberá acreditar tamén no dito prazo o cumprimento das condicións seguintes:

- a) Cumprimento de obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social.
- b) Non ter débedas por reembolso de axudas coa Administración.
- c) Estar ao día no pagamento das obrigacións de reembolso de calquera outro préstamo ou anticipo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- d) Non estar incurso en ningunha das prohibicións a que se refire o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Declaración responsable de axudas obtidas ou que se solicitasen para os mesmos custos elixibles a institucións nacionais ou comunitarias. Esta declaración deberá ser actualizada en calquera momento do procedemento e comunicar ao órgano instrutor a súa obtención, para efectos do cumprimento do disposto no artigo 5.4.

O cumprimento das condicións a que fan referencia as alíneas b), c) e d) anteriores poderá acreditarse por medio de declaración responsable do solicitante.

6. Enténdese que renuncian á axuda tanto aqueles solicitantes que non comunicasen a aceptación expresa como aqueles que non presentasen declaración responsable ou non acrediten o cumprimento das condicións exixidas no dito prazo de 10 días hábiles, segundo o previsto no número 5.

Se o cumprimento destas condicións xa lle consta ao órgano instrutor, non habería que acreditarlas de novo.

7. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Administración, mentres non se lle notificase a resolución de concesión.»

Dez. O número 3 do artigo 16 queda redactado como segue:

«3. A resolución, que será motivada, pon fin á vía administrativa e será publicada na sede electrónica do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade no prazo máximo de seis meses contados desde a publicación do extracto da convocatoria no «Boletín Oficial del Estado». O vencemento do mencionado prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa lexítima os interesados para entender desestimada a solicitude de axuda, conforme o establecido no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.»

Once. O número 1 do artigo 17 queda redactado como segue:

«1. A resolución do procedemento poderá ser impugnada potestativamente en reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte á data da súa notificación ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto no artigo 124 da Lei

39/2015, do 1 de outubro. Sen prexuízo do anterior, contra esta resolución, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á data da súa notificación, cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.»

Doce. O artigo 20 queda redactado como segue:

«Artigo 20. *Comprobación e control.*

O beneficiario estará sometido ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano xestor e responsable do seguimento das actuacións subvencionadas, así como ao control financeiro da Intervención Xeral do Estado e ao control fiscalizador do Tribunal de Contas e a calquera outra normativa aplicable.»

Trece. O artigo 21 queda redactado como segue:

«Artigo 21. *Reintegros e incumprimentos.*

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos casos e nos termos previstos polo artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. O incumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto, especificamente o disposto no número anterior, na orde de convocatoria e nas demais normas aplicables, así como das condicións que, se for o caso, se establecesen na correspondente resolución de concesión, dará lugar, mediante o procedemento de reintegro, á obrigaçión de devolver total ou parcialmente as axudas percibidas e os xuros de demora correspondentes, conforme o disposto no título II, capítulo I, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no título III do seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

3. En todo caso, o reintegro será da totalidade da axuda percibida máis os xuros de demora nos seguintes casos:

a) Falseamento, inexactitude ou omisión nos datos subministrados polo beneficiario que servisen de base para a concesión.

b) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación de calquera aspecto contido na documentación que achegue o beneficiario.»

Disposición adicional. *Actualización de referencias.*

De acordo co establecido no artigo 12 do Real decreto 424/2016, do 11 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, todas as referencias que no Real decreto 1055/2014, do 12 de decembro, se realizan ao ministro ou ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo se entenderán realizadas ao ministro ou ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

Analogamente, as referencias ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente entenderanse realizadas ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN